

REGULAMENTO DO COMITÉ TÉCNICO DE ÁRBITROS DA FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ.

Artigo 1º.- O Comité Técnico de árbitros da FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ atende directamente ó funcionamento do colectivo de árbitros de Galicia e á representación dos mesmos en organismos federativos galegos e en calquera outra situación na que o colectivo de árbitros de Galicia considere debe estar representado.

Artigo 2º.- O Comité Técnico de árbitros estará composto por:

- Un presidente.
- Un Vicepresidente.
- De un a tres vocais.
- Actuará de Secretario o da FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ ou persoa designada ó efecto.

Artigo 3º.- O presidente será elixido pola totalidade dos componentes do censo de árbitros de Galicia. A estes efectos este censo estará formado por:

- Os árbitros internacionais inscritos na Federación Galega de Xadrez.
- Os árbitros nacionais inscritos na Federación Galega de Xadrez.
- Os árbitros galegos ou titulación similar que recoñeza a Federación Galega de Xadrez.

Para formar parte deste censo, ser elector ou elixible, compre estar inscrito como árbitro na Federación Galega de Xadrez e ter satisfeito a cuota da licenza correspondente ao ano en curso.

O Presidente cesará nas súas funcións por renuncia, moción de censura ou ó transcorrer catro anos dende a súa elección. Unha vez cesado o Comité Técnico de Árbitros da Federación Galega de Xadrez convocará ós componentes do censo de árbitros para a elección de novo Presidente tratándose que dito proceso electoral coincida co da Presidencia da Federación Galega de Xadrez. Interinamente o Presidente da Federación Galega de Xadrez podería nomear para o cargo de Presidente do Comité Técnico de Árbitros á segunda- ou sucesivas- persoa(s) máis votadas no último proceso electoral ata a seguinte elección por votación do censo de árbitros de Galicia.

Artigo 4º.- O Vicepresidente e ós vocais serán elixidos polo presidente do Comité Técnico co obxecto de conseguir un equipo homoxéneo e eficaz. Para ser elixidos deberán pertencer ó censo de árbitros galegos. O seu mandato cesa por decisión do Presidente do Comité de árbitros da FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ ou por cese do mesmo.

Artigo 5º.- Competencias do Comité Técnico de Árbitros de Galicia:

- Decidir sobre asuntos propios de organización e funcionamento.
- Elaborar directrices para a planificación e desenvolvemento da actividade arbitral en Galicia.

- Plantear propostas á FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ para o mellor desenvolvemento da actividade arbitral.
- Proponer ó Presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ o nomeamento de árbitros de carácter galego (autonómico).
- Designar os árbitros para as competicións oficiais galegas e para aquelas nas que a FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ teña competencia para designar o equipo arbitral.
- Elaborar directrices para as bases técnicas dos campionatos oficiais.
- Desenvolver todas aquelas normas técnicas e de funcionamento para a aplicación deste regulamento e as súas funcións.
- Programar e organizar os cursos de formación de árbitros que se celebren en Galicia e non sexan competencia doutras federacións de ámbito territorial maior. Elaborar e homologar os materiais docentes dos cursos que organice.
- Cualificar as probas de árbitro galego (autonómico) así como os requisitos necesarios para a obtención de títulos de árbitro a nivel galego.

Artigo 6º.- O Presidente do Comité Técnico representará en todo momento ó Comité Técnico e será membro do equipo directivo da FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ con tódolos dereitos. A súa ausencia será suplida automaticamente polo vicepresidente. Convocará as reunións do Comité Técnico de Árbitros de Galicia e encargarse de velar por que se cumpran os seus acordos. El e a segunda persoa máis votada no proceso electoral serán membros da Asamblea da FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ.

Artigo 7º.- O Comité Técnico de Árbitros de Galicia reunirse como mínimo tres veces ó ano convocado polo seu presidente. Necesariamente nos meses de xaneiro (para elaborar a memoria de actividades do ano anterior que deberá ser comunicada a la FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ) e no mes de outubro (para a elaboración do presuposto e calendario de actividades previsto para o seguinte ano).

Artigo 8º.- Pódense inscribir na Federación Galega de Xadrez como árbitro:

- Os árbitros internacionais con residencia habitual en Galicia.
- Os árbitros nacionais con residencia habitual en Galicia.
- Os árbitros galegos (autonómicos) formados e nomeados polo Comité Técnico de árbitros de Galicia.

Artigo 9º.- Os árbitros inscritos na FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ teñen os seguintes dereitos:

- Participar en tódalas actividades de formación e reciclaxe que se organicen en Galicia para árbitros. Recibir todo o material que o Comité Técnico de Árbitros de Galicia distribúa entre os seus membros.
- Presentarse ó cargo de Presidente do Comité de árbitros e ser elixido como membro do mesmo. Participar como elector nos procesos electorais que se convoquen e que afecten ó Comité Técnico de Árbitros de Galicia.

- Presentarse ás convocatorias para arbitrase ou realización de cursos que convoque ou organice o Comité Técnico de Árbitros de Galicia, así como cobrar ás correspondentes remuneracións ou indemnizacións pola súa participación.
- Todos aqueles dereitos que ademais se recollan nos estatutos da FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ.

Artigo 10ª.- Deberes:

- Inscribirse no prazo establecido na FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ como árbitro galego.
- Abonar a cuota de inscrición que se estableza se así se fai.
- Participar e colaborar na medida do posible na formación e na organización de actividades cando sexa requerida a súa colaboración polo Comité Técnico.
- Conocer, aplicar e cumprir a normativa de Xadrez tanto a nivel internacional coma galego, así como os estatutos da FIDE, FEDA y FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ.
- Someterse as directrices técnicas emanadas polo Comité Técnico de Arbitros de Galicia en aquelas competicións que lle competan.
- Dos torneos en que participe como árbitro deberá enviar unha copia do informe ó Comité Técnico de Árbitros de Galicia.

Artigo 11º.- O Réxime disciplinario ó que se someten os árbitros inscritos en Galicia será o vixente para a FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ.

Artigo 12º.- Os arbitros internacionais e nacionais inscritos na FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ deberán cursar independentemente, se así o desexan, a súa inscrición na FEDA ou na FIDE de acordo cos seus respectivos regulamentos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.- O Comité Técnico de Árbitros elaborará coa máxima urxencia un regulamento para a obtención do título de árbitro galego (autonómico) para a súa homologación polo Comité Técnico da Federación Española (de acordo co artigo 15º do Regulamento do Comité Técnico de Árbitros da FEDA). Neste regulamento deberá constar o programa mínimo e os requisitos para a obtención do referido título.

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA

Este Regulamento deroga as disposicións de igual o inferior rango vixentes ata a data da súa aprobación

SEGUNDA

Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Asemblea Xeral da FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ.